

Proxecto tuning. Universidade de deusto

http://tuning.unideusto.org/tuningeu/index.php?option=com_frontpage&Itemid=1 *

O proxecto Tuning Educational Structures in Europe é o corazón do proceso de Bolonia-Berlin-Praga. É un dos poucos proxectos que actualmente en Europa enlaza cos obxectivos políticos da Declaración de Bolonia de 1999. O proxecto tuning é un proxecto desenvolvido por e para as institucións educativas superiores.

O proxecto Tuning enfoca especialmente non o sistema educativo en si senón as estruturas educativas e os contidos dos estudos. O sistema educativo é principalmente responsabilidade dos Gobernos, pero as estruturas e os contidos educativos son responsabilidade institucións educativas superiores.

Como resultado da Declaración de Bolonia, os sistemas educativos en todos os países europeos están en proceso de reforma. Este é o efecto directo da decisión política de converxer os diferentes sistemas nacionais educativos en Europa.

Para as institucións de ensino superior esta reforma significa o punto de partida cara outra discusión: a comparabilidade de currículo en termos de estruturas, programas e actual profesorado.

Neste proceso de reforma cómpre a participación académica e profesional e a sociedade debe xogar un importante rol.

No verán do 2000, un grupo de universitarios tomou o desafío de Bolonia colectivamente e deseñou este proxecto piloto. Durante o período 2000-2004 desenvolveuse e comezou un programa de funcionamento. Dúas fases foron desenvolvidas, a FASE 1 (que comezou en decembro do 2000 e rematou en xaneiro do 2003) e a fase 2, de febreiro do 2003 até decembro do 2004.

O programa trata as liñas de acción de Bolonia, especialmente a adopción dun sistema de graos facilmente comparábeis, un sistema baseado en dous ciclos e a implantación dos créditos ECTS.

Como parte da metodoloxía, Tuning desenvolveu as capacidades necesarias para o primeiro e segundo ciclo das titulacións, actualmente para nove.

No novo sistema, os créditos viran en función da aprendizaxe, dos resultados e das competencias adquiridas. O resultado deste exercicio reflíctese nas novas características dos ECTS e no informe da conferencia de Zurich sobre ECTS.

O proxecto Tuning tamén inicia unha nova forma de medir a carga lectiva que o estudante leva.

Actualmente, a comisión europea aprobou unha terceira fase de dous anos de duración (1 de xaneiro 2005 a 1 outubro 2006) centrada na consolidación, difusión e fomento do desenvolvemento.

A tarefa esencial agora será validar os resultados das fases 1 e 2.

ANTECEDENTES DO PROXECTO

1. A creación dunha área de Educación Superior Europa
 - Unha área social e económica debe ir en paralelo a unha área de educación superior.
 - Procesos de Bolonia-Praga-Berlín.
2. A necesidade de calidade e mellora do emprego e a cidadanía
 - Necesidade de compatibilidade, comparabilidade e competitividade.
 - A crecente mobilidade require información fiable e obxectiva sobre os programas de estudo.
 - Os empregadores esixirán información fiable sobre o que significa un determinado título.
3. Unha visión da educación dende a perspectiva do que aprende (o estudante)
 - Educación máis centrada no estudante
 - Unha transformación do papel do educador
 - Un troco no enfoque das actividades educativas
 - Un troco na organización do aprendizaxe
 - Un troco dos inputs aos outputs

RESULTADOS ESPERADOS

- Unha metodoloxía para avanzar no diálogo e na identificación de puntos de referencia comúns nas universidades europeas
- Un documento que recolla a identificación de competencias xenéricas e específicas nas áreas temáticas seleccionadas (Administración, Química, Ciencias da Educación, Xeoloxía, Historia, Matemáticas, Física, Enfermería e Estudos Europeos)
- Unha plataforma de discusión para debatir cos corpos profesionais

PARTICIPANTES

- 105 Universidades europeas (máis de 135 actualmente)
- Unha universidade por país por cada unha das áreas temáticas seleccionadas
- Non hai posibilidade de dupla participación por universidade
- As universidades son seleccionadas en función do interese demostrado e en consulta coas Conferencias de Reitores e o Ministerio de Educación.

GRUPOS COORDENANTES

- Empresariales
- Educación
- Xeoloxía
- Historia
- Matemáticas
- Física
- Química
- Enfermería
- Estudos europeos

ESTRUCTURA

- Coordinadores
 - 2 coordinadores xerais e 2 asistentes de proxecto.
- Comité de xestión. Composto por:
 - 9 coordinadores de grupos de traballo

- 9 expertos en Educación Superior
- Un representante da EUA
- Un representante de ESIB
- Un representante das Redes Telemáticas
- Un representante da Comisión Europea
- Un representante das axencias nacionais

ACTIVIDADES

- Reunión de lanzamento. Maio 2001. Bruselas
- 1ª reunión de traballo- Maio 2001. Bruselas
- 2ª reunión de traballo- Setembro 2001. Copenhagen
- 3ª reunión de traballo- Novembro 2001. Bruselas
- 4ª reunión de traballo- Marzo 2002. Roma
- Conferencia de peche- Maio 2002. Bruselas

TIPOS DE REUNIÓN

- Reunión do comité de xestión para a preparación de actividades (xoves)
- Reunión plenaria (venres)
- Reunión de grupos de traballo (sábado)
- Reunión do comité de xestión para a avaliación das actividades (domingo)

LIÑAS DE ACCIÓN

- **LIÑA 1: COMPETENCIAS XENÉRICAS**

- Analizáronse ao redor de 20 estudos no marco das competencias
- Elaborouse unha listaxe con 85 competencias e destrezas xenéricas consideradas pertinentes por compañías privadas e institucións de educación superior
- Clasificáronse en tres grupos:

INSTRUMENTAIS

-Habilidades cognitivas

Capacidade de análise e síntese e de organizar e planificar
Coñecementos xerais básicos e coñecementos básicos da profesión

- Destrezas lingüísticas

Comunicación oral e escrita na propia lingua
Coñecemento dunha segunda lingua

- Destrezas tecnolóxicas

Habilidades básicas de emprego do ordenador
Habilidades de xestión da información (habilidade para buscar e analizar

información procedente de fontes diversas)

-Capacidades metodolóxicas

Resolución de problemas
Toma de decisións

PERSONAIS

-Competencias interpersonais

Capacidade crítica e autocrítica
Traballo en equipo
Habilidades interpersonais
Capacidade de traballar nun equipo interdisciplinar
Capacidade de comunicación con expertos doutras áreas
Apreciación da diversidade e da multiculturalidade
Habilidade para traballar nun contexto internacional
Compromiso ético

SISTÉMICAS

- Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
- Habilidades de investigación
- Capacidade de aprender
- Capacidade para adaptarse a novas situacións
- Capacidade para xerar novas ideas (creatividade)
- Liderazgo
- Coñecemento de culturas e costumes doutros países
- Habilidade para traballar de forma autónoma
- Deseño e xestión de proxectos
- Iniciativa e espírito emprendedor
- Preocupación pola calidade
- Motivación de logro

Preguntouse sobre:

- Importancia de cada competencia no seu traballo segundo a súa opinión
- Nivel de realización ou logro no exercicio da competencia que eles consideraban que acadaran como resultado do seu programa de estudos.
- A escala de valoración foi do un ao catro
- Pedíuse que das 30 competencias fosen sinaladas as 5 máis importantes de maior a menor.
- O cuestionario tivo tres niveis de reflexión: Institucional, Áreas Temáticas e Conxunto.

101 universidades

Areas: empresariales-xeoloxía-historia-matemáticas-físicas-educación-química

Países: Austria-Bélxica-Dinamarca-Finlandia-Francia-Alemaña-Grecia-Islandia-Irlanda-Italia-Países Baixos-Noruega-Portugal-Estado Español-Suecia-Gran Bretaña.

Número total de respostas: 5183 graduados, 944 empresarios, 998 académicos

COMPARACIÓN ENTRE GRADUADOS E EMPRESARIOS

- Máis importante para os empresarios:
 - Compromiso ético
 - Capacidade para traballar nun equipo multidisciplinar
 - Iniciativa e espírito emprendedor
 - Traballo en equipo
- Máis importante para os graduados:
 - Habilidade para traballar de xeito autónomo
 - Habilidades básicas de emprego do ordenador
 - Habilidades de investigación
 - Capacidade para organizar e planificar

PRIMEIRAS 5 COMPETENCIAS:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de aprender
- Resolución de problemas
- Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
- Capacidade de adaptación ás novas situacións

LIÑA 2: COMPETENCIAS TEMÁTICAS ESPECÍFICAS

- Intercambio de información sobre a situación das institucións de educación superior no momento actual, o tipo de programas deseñados e as perspectivas de futuro.

- Estudáronse traballos pertinentes chamados *Benchmark Papers* preparados pola Axencia Británica de Garantía da Calidade (estes traballos non só dan a descrición dos programas de Bach. dun área senón que identifican as competencias pertinentes ás mesmas).
- Os grupos fixeron un mapa de disciplinas

ACTIVIDADES

Até esta etapa apareceron as seguintes dificultades:

- A definición de disciplina está baseada en conceptos nacionais
- O papel das disciplinas afíns nos programas difiren de país a país e de institución a institución
- Grandes discusións sobre se é posíbel definir un currículo trocal (core curricula)
- Tódolos grupos trataron de analizar as diferencias e analoxías nos sistemas actuais e nos programas de estudo.
- Cada grupo preparou o seu propio cuestionario que contiña unha serie de competencias específicas á disciplina en cuestión.
- O cuestionario entregouselles aos académicos da área en cuestión, solicitando que indicaran a importancia de cada unha das competencias enumeradas para o 1º e o 2º ciclo.
- A escala de valoración foi de 1 a 4.
- Preguntouse se había outras competencias non incluídas que debían selo.
- Cada un dos grupos analizou os resultados dos cuestionarios.
- Os datos comparáronse con outros materiais dispoñíbeis
- Preparáronse informes borrador
- Os grupos identificaron o que é común, diverso e dinámico nas súas áreas de disciplina.
- Destacáronse as diferencias e someteuse a proba a existencia ou non de diverxencias útiles que como tal serviran de enriquecemento.
- Efectuáronse acordos e esbozáronse ideas.
- Redactouse o informe final de cada área temática.

EXEMPLO LIÑA 1 E LIÑA 2: ENFERMERIA

Consulta a:

- Outras Institucións de Educación Superior de países non representados en Tuning
- Autoridades competentes en materia de enfermía dos estados membros, e a través deles, aos ministerios de saúde e aos empresarios.
- Asociacións profesionais e sindicatos que representan aos enfermeros
- Asociacións de estudantes
- Usuarios

LIÑA 3: ECTS COMO UN SISTEMA DE ACUMULACIÓN

Tomouse tanto a perspectiva MACRO como a MICRO:

MACRO: desenvolveuse dende o comité de xestión un documento sobre a necesidade de establecer unha estrutura paneuropea de acumulación de créditos

MICRO: comenzouse a traballar na relación entre estruturas educativas, resultados da aprendizaxe, volume de traballo do estudante e cálculo dos créditos ECTS.

ELEMENTOS A TER EN CONTA SOBRE O VOLUME DE TRABAJO DOS ESTUDANTES:

- O estudante ten unha determinada cantidade de tempo dependendo do programa que estea a cursar.
- A responsabilidade final sobre as actividades de ensino, aprendizaxe e avaliación do tempo do estudante recaen sobre o profesor.

- É fundamental que o profesor teña identificados os resultados da aprendizaxe e competencias a seren acadados.
- O profesor deberá reflexionar sobre que actividades educativas son máis relevantes para acadar os resultados de aprendizaxe previstos na unidade.
- O profesor debería ter unha noción sobre o promedio de tempo requerido polos estudantes para cada unha das actividades da unidade.
- O estudante ten un rol crucial no proceso de monitoreo para determinar se o volume de traballo estimado é realista.

I. Módulo (número de créditos/hora do estudante)

II. Planificación das actividades educativas/determinando o volume de traballo do estudante

III. Monitoreo por parte do estudante do volume de traballo

IV. Axuste sobre a carga de traballo y/o actividades educativas

LIÑA 5: APROXIMACIÓN AO ENSINO, APRENDIZAXE E AVALIACIÓN

Estáse a traballar a dous niveis:

- Competencias xenéricas (membros do comité de xestión)
- Competencias específicas (cada grupo de traballo)

PREGUNTAS A CONTESTAR:

- Que significa esta competencia para os estudantes?
- Como axuda aos seus estudantes a acadar esta competencia a través dos métodos do ensino?
- Que actividades da aprendizaxe axudan aos seus estudantes a desenvolver esta competencia?
- Como avalía se se acadou a competencia en cuestión?
- Como sabe vostede que os seus estudantes acadaron a competencia, e se o fixeron até que grao e se non o acadaron por que?

http://tuning.unideusto.org/tuningeu/index.php?option=com_frontpage&Itemid=1

* Na páxina pódense consultar tamén gráficos e balances que, ao estaren en pdf, non se podían traducir nen modificar.